

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 16.10.2019 Hora: 10:30

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 54124 (10/POC-008547)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións pendentes e levadas a cabo polo Goberno galego en prol da continuidade de Isowat-A Coruña, do fortalecemento do sector industrial na comarca da Coruña e a avaliación do papel do Igape e do futuro da industria nesta zona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019
- 1.2 54480 (10/POC-008605)
Grupo Parlamentario Mixto
Casal Vidal, Francisco
Sobre o estado de tramitación en que se atopan os expedientes de reversión ao dominio público dos aproveitamentos hidroeléctricos con concesións caducadas ou próximas a caducar na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa e na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a realización por parte da Xunta de Galicia dalgún estudo, proxecto ou iniciativa para a asumir a súa xestión, así como a dos que se atopan nesas situacións nas confederacións dependentes do Estado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 524, do 04.09.2019
- 1.3 55243 (10/POC-008716)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego diante de Abanca para acadar unha solución no concurso de acredores da empresa Isowat
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 1.4 55537 (10/POC-008760)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á construción dalgún novo albergue público de peregrinos na ruta do Camiño Inglés e o

asinamento dalgún acordo co Concello de Fene para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

- 1.5 55906 (10/POC-008800)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre o coñecemento do Goberno galego do contido do acordo asinado polo grupo Ferroatlántica SAU coa firma Ithaka Partners, S.L., para a venda das fábricas de Cee e Dumbría, xunto coas centrais hidroeléctricas do río Xallas, así como a súa opinión respecto da necesidade de autorización administrativa previa para o seu asinamento e o cumprimento íntegro das condicións establecidas na concesión
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019
- 1.6 56456 (10/POC-008877)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para modificar os resultados da política seguida en materia de innovación e a súa valoración respecto da evolución dos indicadores referidos á I+D+i, así como a avaliación que fai dos resultados do desinvestimento en innovación dos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	M
Luca Chao Pérez	GCE
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 54124(10/POC-008547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións pendentes e levadas a cabo polo Goberno galego en prol da continuidade de Isowat-A Coruña, do fortalecemento do sector industrial na comarca da Coruña e a avaliación do papel do Igape e do futuro da industria nesta zona

Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 11:18:12
Nº Rexistro: 54124
Data envío: 26/08/2019 11:18:12.982

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña

A continuidade da factoría Isowat. Cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia, hoxe Isowat, situada no Polígono da Grela desde 1963, é un dos retos máis importantes que ten neste momento a industria galega.

Cómpre recordar que é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente.

Antes do verán, as e os traballadores informaban de que tiñen un posíbel inversor que reuníaas condicións necesarias para a viabilidade da fábrica e que neste momento a necesidade para unha saída positiva radica en que a entidade financeira Abanca sexa flexíbel nas súas condicións económicas respecto das naves.

Porén, nestes momentos, a súa situación segue sen resolverse.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

CSM - REVISTA FROMZIN/11/16/19
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 11:18:12
Nº Rexistro: 54124
Data envío: 26/08/2019 11:18:12.982

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para interceder a favor dunha saída positiva para Isowat Coruña?

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para interceder con Abanca?

Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial na cidade e na comarca da Coruña? Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

Como valora o papel do Igape?

Cales son as perspectivas de futuro?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2019 11:18:12
Nº Rexistro: 54124
Data envío: 26/08/2019 11:18:12.982

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2019 10:58:57

Xosé Luis Bará Torres na data 26/08/2019 10:59:26

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2019 10:59:34

Olalla Rodil Fernández na data 26/08/2019 11:02:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/08/2019 11:02:41

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 11:03:32

CSX4: REXISTRO FROM ZMJJAPV9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 54480(10/POC-008605)

Grupo Parlamentario Mixto

Casal Vidal, Francisco

Sobre o estado de tramitación en que se atopan os expedientes de reversión ao dominio público dos aproveitamentos hidroeléctricos con concesións caducadas ou próximas a caducar na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa e na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a realización por parte da Xunta de Galicia dalgún estudo, proxecto ou iniciativa para a asumir a súa xestión, así como a dos que se atopan nesas situacións nas confederacións dependentes do Estado

Publicación da iniciativa, 524, 04.09.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, deputado do **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 6.^a**, relativa ás concesións de centrais hidráulicas en Galicia.

Os principais investimentos en aproveitamentos hidroeléctricos en España e en Galicia realizáronse ao longo do século XX. Hoxe estes son xa un sistema totalmente consolidado e efectivo de xeración de enerxía renovable. Esta enerxía representa, segundo os datos de Rede Eléctrica de España, un 20% da potencia instalada. Practicamente todos os investimentos realizados en aproveitamentos hidroeléctricos responden ao modelo «investimento-concesión». Así, a cambio do investimento privado outórgase aos promotores unha concesión de augas cunha duración de entre 50 e 75 anos. Ao finalizar este prazo, as instalacións deben reverter ao Estado. Esta particularidade confírelle á produción de enerxía hidroeléctrica un dobre carácter, esencialmente público. Por unha banda, a orixe da enerxía está na auga, que é un ben de dominio público. Xunto a iso, as instalacións teñen como fin último a reversión ao patrimonio público da Administración.

O modelo de investimento-concesión segue vixente para novos proxectos hidroeléctricos, como os denominados «saltos reversibles», nos que as empresas deben concentrar agora os seus proxectos de investimento. Outra das características da enerxía hidroeléctrica, é que xeralmente a súa produción xérase en zonas deprimidas de montaña, rurais e inmersas nun proceso de despoboamento. E con todo a importante riqueza que se xera non repercute significativamente no territorio, un territorio obrigado a soportar as consecuencias que este tipo de infraestruturas traen consigo. Así, o asumir certas servidumes ou o risco potencial que levan algunhas instalacións non se traduce





na reversión “tan necesaria” nestas zonas. Hoxe os prazos daquelas primeiras concesións están a finalizar. Pero obsérvanse disfuncións administrativas no proceso de reversión. Ademais xurdiu a demanda social de reverter ao interese público os beneficios que van volver ao Estado, e a necesidade de que estes xoguen un papel cruce na transición enerxética e no desenvolvemento dos territorios que ven afectados os encoros.

En canto ás disfuncións administrativas cabe destacar a falta de dilixencia na tramitación dos expedientes de reversión. A primeira reversión dun salto hidroeléctrico en España non se produciu ata 2013 e chegou con atraso respecto da data de finalización do prazo de concesión. Están a darse casos nos que o Ministerio tarda dezoito meses en tramitar a caducidade dos expedientes de reversión e deixa sen dital a resolución final do procedemento. Esta falta de dilixencia permite que o concesionario siga explotando o salto hidroeléctrico e obtendo ingresos millonarios máis aló do prazo que lle outorga a concesión. Tamén debe destacarse a falta de políticas públicas unha vez se alcance a reversión do salto. Este queda baixo a xestión provisional do organismo de conca correspondente, pendente dun contrato de servizos ou concurso público de explotación. O modelo investimento-concesión xa non se adapta a estes saltos revertidos. Estes, que deben devolverse polo concesionario en adecuadas condicións de funcionamento, requirirán unha xestión técnica para a que se debería ir preparando a Administración pública sendo ademais os beneficios de titularidade pública revertidos nas zonas afectadas. De feito actualmente xa existen exemplos deste modelo de xestión a nivel estatal, autonómico e local. Ademais, tras diversas sentenzas condenatorias a empresas xestoras de centrais hidroeléctricas pola manipulación da poxa eléctrica, faise necesario incluír nos pregos das concesións o cumprimento de consígnalas no operador do sistema para evitar os devanditos abusos e permitir unha maior penetración de enerxías renovables.

O tema clave é a falta de políticas na reversión de saltos. É necesario o deseño dunha política xeral de ámbito territorial en relación cos beneficios que xera un





ben de dominio público como é a auga. Unha política que debe enfocarse a medio prazo, xa que os procesos de reversión de centrais sucederanse de forma progresiva durante as próximas décadas. Os destinatarios dos beneficios que xeran estas políticas de reversión deben ser os cidadáns, en primeiro termo, para a restitución económica e social dos territorios afectados polas instalacións hidroeléctricas. Deben contemplarse fins de utilidade pública ou interese social xeneral que melloren o benestar dos cidadáns en todos os ámbitos: social, cultural e de economía sustentable.

E non menos importantes son as cuestións ambientais que xorden na reversión, desde saltos que xa non son rendibles e son abandonados nos nosos ríos ata a necesaria adaptación dos saltos a novos caudais ecolóxicos.

No caso de Galicia desde hai décadas as compañías privadas xestionan en Galicia 148 centrais hidroeléctricas. Fano baixo o réxime de concesións, que empezaron xa a caducar nalgúns casos. Nos próximos dez anos o prazo de permiso para explotar os ríos galegos terminárase en 15 saltos de auga, e en 4 deles xa o fixo recentemente. Pero nin a Xunta nin o Goberno central se plantexan, de momento, xestionar publicamente estas centrais para que os seus beneficios revertan na sociedade.

En Galicia dúas confederacións hidrográficas, a do Miño-Sil, dependente do Goberno central, e a de Galicia-Costa, da Xunta, son os organismos responsables das concas da comunidade. Ambas non se manifestan sobre os seus plans futuros para os saltos aos que lles vaia caducando a concesión.

O primeiro a tramitar é o prazo de extinción da concesión. As seguintes tramitacións deberían estar xa realizadas ou en proceso:

Na Confederación do Miño-Sil: a central minihidráulica de Enviande (río Enviande); A central De Castro Caldelas (río Edo); A central de Castadón Hervidoiro (río Loña); a central de Vilachán (río Vilachán) e a central de Cabo (río Deva).





Na de Galicia-Costa: as de AH Fervenzas (río Vexo), CH Gümil (río Lambre) e CH Castelá (río Mandeo).

A lexislación obriga a realizar durante este trámite un informe para determinar se as instalacións seguen sendo viables e poderían continuar aproveitándose.

As 15 concesións que caducaron ou o farán nos próximos 10 anos en Galicia son minicentraís. Non é o caso da central de Os Peares con concesión desde o ano 1910 que xa debería ser revertida á propiedade pública, pero en 2009 o Goberno do partido socialista decidiu blindar a Gas Natural Fenosa para que puidese seguir explotando ata 2059 esta central.

Ante a falta de información suficiente sobre a situación das concesións de centrais hidráulicas e as actuacións da Xunta de Galicia neste eido, O Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta ao Goberno para a súa resposta en Comisión:

- 1.- En que situación se encontran os expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos en Galicia-Costa caducados ou próximos a caducar?
- 2.- Teñen información do Goberno do Estado sobre a situación dos expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos caducados ou próximos a caducar na Confederación Miño-Sil?
- 3.- Está a Xunta de Galicia a desenvolver algún estudo, proxecto ou iniciativa para poder asumir no seu momento a xestión das centrais con concesións caducadas ou próximas a caducar?
- 4.- Cantas e cales centrais hidráulicas en Galicia teñen cláusulas sociais nas súas concesións?
- 5.- Ten a Xunta de Galicia información de como se están xestionando os rendementos das cláusulas sociais mencionadas na pregunta anterior?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/08/2019 13:27:51
Nº Rexistro: 54480
Data envío: 29/08/2019 13:27:51.617

6.- Está a Xunta de Galicia realizando algunha xestión ante a administración do Estado para que as concesións de centrais hidráulicas caducadas ou próximas a caducar, nas Confederacións dependentes do Estado, pasen a ser xestionadas pola Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 29/08/2019 13:23:59

CSV, REXISTRO Ukeguetf8
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 55243(10/POC-008716)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego diante de Abanca para acadar unha solución no concurso de acredores da empresa Isowat

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada do Grupo Parlamentario do **Grupo Común da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.^a**, sobre as actuacións do Goberno galego para resolver a situación de Isowat.

Máis dun ano despois de que se anunciara o concurso de acredores de Isowat, antiga Isolux Galicia, situada no polígono da Grela, os traballadores seguen agardando solucións.

Despois de meses de expediente temporal de regulación de emprego parece que se abre no horizonte a posibilidade dun inversor que reuniría as condicións necesarias para a viabilidade da fábrica. Porén, o problema radicaría nas condicións impostas polo principal acredor da factoría, ABANCA.

Cómpre lembrar que o pasado 11 de xuño foi aprobada por unanimidade, con modificacións, unha PNL que instaba ao Goberno a: “Desenvolver as actuacións necesarias para atopar un investidor ou posible comprador e para facilitar un acordo rápido e razoable co principal acredor no concurso da mesma que posibiliten un novo futuro á compañía, tendo en conta as posibles garantías financeiras ou outras iniciativas financeiras entre as que dispón o Igape.

Ante esta situación, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte pregunta:

- Que actuacións levou ou vai levar a cabo o Goberno galego para interceder con Abanca?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 11:27:00
Nº Rexistro: 55243
Data envío: 06/09/2019 11:27:00.839

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 06/09/2019 11:23:54

CSX: REXISTROQH3HamIU5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 55537(10/POC-008760)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as previsións da Xunta de Galicia referidas á
construción dalgún novo albergue público de peregrinos na
ruta do Camiño Inglés e o asinamento dalgún acordo co
Concello de Fene para ese fin

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O Camiño Inglés ou Camiño dos ingleses é o Camiño de Santiago que ten a súa orixe en Ferrol ou na Coruña. Foi unha ruta medieval de peregrinación dos devotos ingleses e doutros lugares do norte de Europa, os cales chegaban en barco aos portos desas cidades e continuaban o camiño ata Santiago de Compostela a pé.

Os peregrinos que comezan esta ruta en Ferrol, e ata que conflúen na localidade de Bruma cos que comezan o camiño na Coruña pasan polos concellos de Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo e Mesía. Desde Ferrol a Bruma os peregrinos atópanse con albergues públicos nos concellos de Neda, Pontedeume, Miño, Betanzos e Bruma. Aínda que se ben o certo é que os peregrinos do Camiño Inglés aumentan cada ano, pero fano a un ritmo moi inferior ao doutras rutas, e lonxe da masificación que estas presentan.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten previsto a Xunta de Galicia construír algún novo albergue público na ruta do Camiño Inglés, de ser o caso, en que prazo, onde e con que orzamento?

2ª) Ten a Xunta de Galicia algún acordo co concello de Fene para a construción dun albergue público, en caso afirmativo, desde que data?

Pazo do Parlamento, 11 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 11/09/2019 18:39:54

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/09/2019 18:40:09



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 55906(10/POC-008800)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o coñecemento do Goberno galego do contido do acordo asinado polo grupo Ferroatlántica SAU coa firma Ithaka Partners, S.L., para a venda das fábricas de Cee e Dumbría, xunto coas centrais hidroeléctricas do río Xallas, así como a súa opinión respecto da necesidade de autorización administrativa previa para o seu asinamento e o cumprimento íntegro das condicións establecidas na concesión

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 17:01:18
Nº Rexistro: 55906
Data envío: 17/09/2019 17:01:18.328

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

O Grupo Ferroatlántica SAU, filial ao 100 % de Ferroglobe plc acordou a venda do 100 % da sociedade Ferroatlántica SAU (FAT-Xallas) que contén as fábricas de Cee e de Dumbría xunto coas centrais hidroeléctricas dos ríos Xallas e Grande.

Polo que FAT-Xallas pasa a ser unha empresa independente do grupo Ferroatlántica, sendo a responsable das operacións das fábricas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, non supoñendo, polo tanto, ningún cambio en canto a dereitos e obrigas e, en particular, sobre o centro de traballo formado polas ditas fábricas e as centrais hidroeléctricas. A titularidade dos dereitos concesionarios levan aparelados unha serie de condicións incluídas nas correspondentes resolucións administrativas:

O réxime de cotitularidade non poderá ser alterado sen previa e expresa autorización administrativa.

Non se poderán segregar de Ferroatlántica S.L, as actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes polas centrais ás que se refire a autorización.

Como causa de extinción recóllese a perda por parte de Ferroatlántica S.L, da súa condición de cotitular dos aproveitamentos.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:

1ª) Coñece a Xunta de Galicia o contido do acordo entre o grupo Ferroatlántica e Ithaka Partners, S.L?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que ese acordo debe ser obxecto de autorización administrativa previa?

3ª) Considera a Xunta de Galicia que se cumpren na súa integridade condicións establecidas nas condicións de concesión?





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/09/2019 17:01:18
Nº Registro: 55906
Data envío: 17/09/2019 17:01:18.328

Pazo do Parlamento, 16 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/09/2019 16:48:59

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/09/2019 16:49:21

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/09/2019 16:49:46

CSV: REGISTRO001LXBZFM4
Validado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 16.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 56456(10/POC-008877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para modificar os resultados da política seguida en materia de innovación e a súa valoración respecto da evolución dos indicadores referidos á I+D+i, así como a avaliación que fai dos resultados do desinvestimento en innovación dos últimos anos

Publicación da iniciativa, 540, 02.10.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56456
Data envío: 26/09/2019 14:35:10.334

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á necesidade de rectificación da fracasada política de investigación, desenvolvemento e innovación levada a cabo polo goberno galego.

A avaliación da última década en termos de investigación e innovación deixa un panorama con moitas deficiencias, que non prepara Galiza para o futuro e que precisa dunha volta de porca desde varios puntos de vista.

Como resultado das políticas aplicadas polo goberno presidido por Núñez Feijóo temos un país menos innovador e con menos tecido produtivo, tal e como amosan diversos indicadores. Por exemplo, os datos relativos ás empresas innovadoras en Galiza que ofrece o IGE son ilustrativos: o número de empresas con actividades innovadoras, de empresas innovadoras IEN e de empresas tecnoloxicamente innovadoras descenderon dende o 2008 ate o 2016 (último ano publicado) nun 56,9%, nun 55,6% e nun 57,6% respectivamente, polo tanto bastante máis da metade das empresas que realizaban estas actividades no 2008 xa non o fan na actualidade.

Mesmo nos momentos e que tras varios anos de recesión os indicadores macroeconómicos comezaron a ter datos positivos, e malia o progresivo endebedamento do goberno galego, estes recursos non reverteron nun meirande esforzo innovador, a comezar polo financiamento. Por exemplo, no que ten a ver co esforzo porcentaxe de gasto en I+D en relación ao PIB, os datos tamén amosan unha situación preocupante.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56456
Data envío: 26/09/2019 14:35:10.334

Este indicador caeu coa chegada de Feijóo ao goberno e a día de hoxe temos que o último dato sitúa o esforzo no último ano dispoñible (2016) no 0,87%. Malia que o Plan Innova Galiza 2020 ten como obxectivo acadar o 1,7 de gasto no 2020 este obxectivo é difícil de crer e, ademais, as recomendacións internacionais sitúan como horizonte recomendábel o 3%.

Así mesmo, existen outros indicadores do fracaso como a incapacidade para atraer meirande investimento ou a captación de talento, que evidencian as carencias do propio Plan Innova e do funcionamento da GAIN.

Esta situación é insostible e lastra as necesidades de desenvolvemento do noso país nun momento clave no que as incertezas e o risco dunha nova crise económica cuxo alcance descoñecemos. É, polo tanto, máis necesario ca nunca consolidar un sistema innovador co que favorecer o desenvolvemento do noso país e reforzar a economía produtiva, aumentando o contido en coñecemento das súas actividades e reforzando a especialización mediante a creación e dotación dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios.

Galiza precisa dunha aposta estratéxica para avanzar cara un modelo produtivo baseado na innovación e na investigación

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para corrixir o seu fracaso respecto da innovación?

Como valora o goberno galego a evolución dos indicadores referidos a I+D+i?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56456
Data envío: 26/09/2019 14:35:10.334

Como avalía o goberno galego os resultados do desinvestimento canto a innovación dos último anos?

Que vai facer o goberno galego para corrixir a negativa evolución do I+D+i en Galiza no sector empresarial?

Considera suficientes os esforzos no sector público?

Considera o goberno galego que as súas políticas están a servir para reorientar os diferentes sectores produtivos cara un cambio de modelo baseado na innovación?

Considera o goberno galego que ten favorecido a consolidación da carreira investigadora?

Como valora o funcionamento da GAIN canto a captación de investimento e talento?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTRO9cmEB9SP47
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 56456
Data envío: 26/09/2019 14:35:10.334

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 14:29:20

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 14:29:29

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 14:29:40

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 14:29:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 14:30:03

Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2019 14:30:11



CSV: REXISTRO9amE89S47

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>